



Apreciada familia:

Sentimos comunicarlle que a Consellería de Sanidade ven de confirmar dous casos positivos por COVID-19 no noso centro escolar, e polo que parece con focos externos ao centro. O SARS-CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa en persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tusir ou esbirrar. Os síntomas poden aparecer ata os 10 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar con síntomas respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou olfacto, dores musculares intensos ou leves, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; ou tamén pode cursar de forma completamente asintomática.

A pesar de que o último caso foi confirmado ao Centro na medianoite de onte, xa a primeira hora da madrugada estaban feitos todos os trámites e confirmada a desinfección dos espazos no Centro. Especialmente neste último aspecto queremos agradecer a completa e excepcional colaboración do Concello quen, de forma urxente, estivo á nosa disposición para esa desinfección.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

a) Un estudo de contactos: o cal é un proceso mediante o que se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. Se o seu fillo/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias, pois o Centro escolar xa enviou todos eses datos á Consellería de Sanidade no mesmo momento no que se nos comunicou de forma oficial este positivo (que adoita ser máis tarde do que se lle comunica ao paciente).

b) Os contactos estreitos deben realizar unha corentena durante 10 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 3 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa COVID-19, ante os cales deberán permanecer en illamento e contactar telefónicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.

c) O resto da comunidade educativa pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa COVID-19. Se algunha persoa posúe condicións de especial vulnerabilidade para a COVID-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita,



e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, agás indicacións médicas de non asistir que xustificarán calquera ausencia.

d) Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefónicamente cos servizos de saúde.

Queremos insistir que a lexislación respecto á protección de datos impide de forma moi determinada trasladar calquera información respecto da identidade ou de calquera dato (nivel ou curso escolar, agrupamentos, etc..) que permita identificar a unha persoa positiva por COVID-19.

Igualmente os centros escolares só poden trasladar a información sobre os positivos, unha vez que estos foron confirmados pola Consellería de Sanidade (isto é, co traslado dun número de expediente concreto) e que se ten cumprimentado toda a información dos contactos dos positivos (alumnado e persoal do Centro).

Incumplir calquera destas normas resulta incumplir á lexislación e pode acarrear importantes sancións.

En calquera caso, debemos tamén trasladar que os teléfonos e os correos electrónicos do Equipo COVID do Centro, que se recollen no Protocolo de adaptación do Centro á situación de pandemia, estarán sempre operativos para atender calquera consulta.

Pregamos en calquera caso, manter a tranquilidade e cumprir escrupulosamente co que dictaminen as autoridades sanitarias.

Pode atopar información sobre as medidas de corenta e illamento na web de información para a cidadanía sobre SARS-CoV-2 do SERGAS así como no Portal Educativo da Consellería de Educación.

Un saúdo moi afectivo en xornadas moi complexas... Todos xuntos, e cumprindo coas normas, saíremos desto moito máis fortes.

FERNANDO GAREA VIDAL  
DIRECTOR CEIP FOGAR.